

1. Este libro de relatos curtos chama a atención por eses tres finais alternativos cos que conta cada historia. Tamén é interesante sinalar que os protagonistas aínda que sexan obxectos teñen comportamentos humanos, como un iglú, un ferrollo ou unha árbore. Outra característica común dos relatos é que nos transmiten unha ensinanza, como no caso dos gorrións que se dan conta que aínda que o seu canto non é tan bonito como o dos xílgaros, é tamén fermoso e ademais grazas a el poden comunicarse. Falando en concreto de cada relato destaco “A tartaruga do corazón” porque os tres finais parécenme moi bonitos xa que falan da amizade e solidariedade. Outra das historias que me interesou é “Ou home azul”; trata dun estraño personaxe que chega a un pobo no que desconfían del debido á súa cor de pel; pero ao coñecelo danse conta de que ... É un comportamento discriminatorio tan de actualidade na nosa sociedade. O libro no seu conxunto paréceme interesante e recomendable. **(Pablo)**

2. Este libro deume unha sorpresa moi grande al ver os tres finais que tiña cada conto tan curtiño. Para min o malo do libro é que os contos son moi curtos, pero tamén hai que dicir que hai algúns contos moi divertidos como: o do iglú, o dun guerreiro nun país de plastilina e moitos contos máis. A min o conto que máis me gustou de todos foi o da tartaruga que é un corazón dun neno, os finais dese conto gustáronme os tres como dixo o meu compañeiro Pablo porque a tartaruga é moi xenerosa e moi graciosa. O que menos me gustou foi o do ferrollo que me parece un pouco raro de máis pero bo tampouco é tan malo o conto. Tamén o que me parece ben do libro é que ten moitos debuxos divertidos e ben feitos. O libro CONTOS PARA MANUELA recomendaríallo aos meus amigos polas súas historias tan divertidas. **(Diego)**

3. A verdade é que o libro non me gustou moito por que era moi difícil de comprender pero o conto que máis me gustou foi UR, O GUERREIRO MANSO, gustoume porque a min as cousas de guerra encántanme **(David)**

4. A forma de contar contos que nos transmite Mario Pereira paréceme moi orixinal. Os tres finais parécenme unha maneira de escapar do conto tradicional realmente útil e ademais ábrenos a porta a unha morea de finais que nos podemos imaxinar. Un aspecto a destacar é tamén a forma de narrar; simple e con expresións graciosas que nos fan a lectura moito máis amena. Os Contos: o conto que máis me gustou foi o do mirasol Xir

porque me pareceu o máis divertido de todos. Sobre todo o que máis me gustou del foron os finais. O que menos foi o de “A tartaruga do corazón” non porque estivera mal feito, senón porque o argumento, a historia non me chamou moito e pareceume bastante aburrida. A única pega que lle podo poñer é que algunhas palabras custoume entendelas pero só en casos moi oportunos. Este libro recomendaríallo a todo tipo de xente porque ó haber tantas historias hai moitas onde escoller e imaxinarse máis finais, ou simplemente para entreterse. **(Mariño)**

5. É un libro de pequenos contos, con tres posibles finais. Os contos gustáronme de forma desigual, como é lóxico. O que máis me gustou é “O mundo de Rabelo”, tanto como está redactado como o argumento. O que me resultou menos agradable foi “A tartaruga do corazón”, porque ten un argumento moi estraño e inimaxinable. Resultoume un libro un pouco difícil de ler con axilidade, pola súa linguaxe, con algunhas palabras ou expresións que non acostumo a escoitar, ler ou empregar. **(María)**

6. A min este libro pareceume moi infantil para o curso no que estamos. Todos os contos tiñan tres finais e pódete imaxinalo como se fose outro principio. O conto que máis me gustou foi *Ur o guerreiro manso* que se ve que hai xente que se lle esixe unha determinada autoestima e non queres ser como os outros que e o que lle pasa a Ur que non quere ser guerreiro. **(Rubén)**

7. É un libro de contos con personaxes imaxinarios, coa peculiaridade de que cada conto ten tres finais. Os que mais me gustaron foron: Blum, o iglú, A tartaruga do corazón, O mundo de Rabelo, Tigre Antón, Ur, o guerreiro manso, Ramón e o burro do alcalde. É un libro entretido e recomendable. **(Jacobo)**